



Concello de Mazaricos

Asunto: Convocatoria de selección de tres peóns-condutor para o mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal (PEL-CONCELLOS 2026)

DECRETO DE ALCALDÍA

D. Juan J. Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, que ostenta a competencia para a selección do persoal, aproba-las bases para a selección e efectuar a convocatoria da praza de que se trate, conforme ós artigos 21.1.g), 21.1.h) e 102.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a Resolución nº 2026/7246 da Deputación Provincial de A Coruña, do 26 de febreiro de 2026, pola que se aproba a concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2026 (PEL-CONCELLOS), e na que se concede unha axuda ao Concello de Mazaricos por importe de 30.999,87 euros.

Redactadas as bases que rexerán a convocatoria e o proceso de selección para a contratación laboral-temporal de tres peóns-condutor para o mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

Visto o informe realizado polos servizos de Intervención deste concello.

Polo presente, **RESOLVO**:

Primeiro.- Convocar o procedemento público para proceder a selección de tres peóns-condutor para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal (PEL-CONCELLOS 2026)

Segundo.- Aprobar as Bases que rexerán o procedemento de selección e contratación, mediante concurso-oposición, dos postos de referencia en réxime de contrato laboral temporal. A modalidade do contrato será a de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (Disposición final 2ª do Real Decreto Lei 32/2021 do 28 de decembro – código 405)

Terceiro.- Dar traslado ó departamento económico e de contabilidade, á intervención, e o Pleno Corporativo na primeira sesión que celebre.

Cuarto.- Ordenar a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Documento asinado dixitalmente